

PREGUNTA DE AER SOBRE MURO CAÍDO NO RÍO ALVEDOSA(Rex. Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-9)

PLENO 28 MARZO 2019. ACTA 04/2019

Dende hai unhas semanas un dos muros do Río Alvedosa ao seu paso por Redondela caeu e tívose que delimitar a zona e o tránsito de peóns. Inicialmente estaba acordada parte da estrada e agora xa só está a parte peonil a carón do río. Esta beirarrúa tampouco ten sinalización algunha de que se atopa cortada, polo que os peóns teñen que cruzar a estrada por zonas sen sinalización con paso de peóns. Tamén descoñecemos se hai risco de afundimento da estrada co paso de tráfico pesado pola zona.

Así pois, preguntamos,

Cando teñen pensado reparar o muro de contención do río Alvedosa que se derrubou na Avenida Ernestina Otero?

Resposta: A concelleira Amoedo Dasilva resposta que son os primeiros interesados en que se arranxe, hai técnicos que teñen que facer o traballo, acaban de presentar o proxecto e en base de eso vaise contratar, hai que esperar a que baixe o caudal, porque antes non se podía facer.